

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA
2º CICLO de EDUCACIÓN INFANTIL

CURSO 2021-2022

C.P.I. do TOURAL

VILABOA

ÍNDICE

1.INTRODUCCIÓN

2.CONTEXTUALIZACIÓN

2.1. CARACTERÍSTICAS DA E.I.

2.2. CARACTERÍSTICAS DO CENTRO E DA AULA DE INFANTIL

2.3. CARACTERÍSTICAS DO ALUMNADO

3.OBXECTIVOS, CONTIDOS E C. DE AVALIACIÓN XERAIS DE E.I.

4.COMPETENCIAS

5.METODOLOXÍA

5.1. ORGANIZACIÓN ESPACIAL

5.2. ORGANIZACIÓN TEMPORAL

6. RECURSOS

6.1 RECURSOS MATERIAS

6.2 RECURSOS HUMANOS

7. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

8. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

9. MEDIDAS EDUCACIÓN SEMIPRESENCIAL OU NON PRESENCIAL.

10. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

1. INTRODUCCIÓN

A finalidade da Educación Infantil, tal como se recolle *na Lei orgánica, 3 de maio de 2006 de educación* e no *Decreto 330/2009, do 4 de xuño*, baixo as modificacións previstas na *Lei Orgánica 8/2013 do 9 de decembro para a Mellora da Calidade Educativa*, é o desenvolvemento físico, intelectual, afectivo, social e moral das/os nenas/os.

A Educación Infantil debe contribuír a compensar todo tipo de desigualdades de contornos sociais, culturais ou económicos desfavorecidos e atender ás diferenzas individuais de cada nena/o; así como unha clara función educativa, xa que, debe comezar dende o nacemento para contribuír ao desenvolvemento integral da/o nena/o.

O carácter voluntario e gratuíto desta etapa educativa non debe confundirse cunha improvisación da mesma, a súa voluntariedade non diminúe a súa importancia.

A programación é un intento de racionalizar a práctica didáctica para que esta obedeza a un plan. Para Gimeno e Pérez trátase de entender a programación como un paso ou eslavón intermedio entre a teoría pedagóxica ou curricular e a práctica, supón descubrir a complexidade deste mecanismo, e considerar que o deseño non é unha destreza moi ben delimitada e mecánica, senón que require suscitar toda unha teoría previa do currículo e do seu desenvolvemento dende os principios ou fundamentos da acción ata a práctica concreta.

A programación é necesaria porque:

- Axuda a eliminar o azar e a improvisación, aínda que isto non significa que se trate dunha programación pechada ou predeterminada, senón que se trata dunha guía de orientación, suxeita a modificacións en función das necesidades do alumnado ao que se dirixe.
- Permite adoptar o traballo pedagóxico ás características dun contexto determinado.

A programación se define como *un conxunto de unidades ordenadas e secuenciadas que se deseñan e desenvolven en cada ciclo ou nivel educativo*. Isto esixe planificar e distribuír os contidos de aprendizaxe ao longo do ciclo. É o terceiro nivel de concreción curricular, parte do Proxecto Educativo que é o segundo nivel de concreción, é unha adecuación das directrices xerais, ao propio centro, directrices que establece a Administración Educativa, plasmadas no *Decreto 330/2009, do 4 de xuño, polo que se establece o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia*, que sería o primeiro nivel de concreción curricular.

2. CONTEXTUALIZACIÓN

2.1. CARACTERÍSTICAS DA EDUCACIÓN INFANTIL

A etapa de Educación Infantil, segundo a *LOE* é voluntaria e gratuíta. Está constituída por 6 cursos académicos, divididos en dous ciclos, de 0 a 3 anos o primeiro ciclo e de 3 a 6 anos o segundo ciclo. Será impartida por mestras/es especialistas.

A administración promoverá a escolarización nesta etapa do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo e garantirá a existencia de postos escolares gratuítos para atender ás demandas das familias. A administración educativa cooperará estreitamente cas/os nais/pais co obxecto de garantir a responsabilidade compartida que debe existir entre ambas institucións en beneficio da/o nena/o.

2.2. CARACTERÍSTICAS DO CENTRO E DA AULA DE E.I.

Trátase dun Colexio Público Integrado situado no medio rural concretamente no Concello de Vilaboa (Pontevedra). Vilaboa atópase ó sur-oeste da capital da provincia de Pontevedra, na comarca de Pontevedra, no punto medio da liña recta entre Pontevedra e Vigo. O concello de Vilaboa ten 5 parroquias: Bértola, Figueirido, Vilaboa, Santa Cristina de Cobres e San Adrián de Cobres. O noso centro atópase na parroquia de Vilaboa á que pertencen 7 barrios: Acuña, Outeiro, Cavadachán, Postemirón, Casal de Santa, Paredes e Toural.

No CPI do Toural impártense tres etapas educativas: 2º ciclo da Educación Infantil, Educación Primaria e Educación Secundaria Obrigatoria. O noso centro reúne os requisitos mínimos establecidos no *Real Decreto*

132/2010, do 12 de febreiro, polo que se establecen os requisitos mínimos dos centros que impartan as ensinanzas do segundo ciclo da educación infantil, da educación primaria e da educación secundaria.

Ademais, dispón de servizo de transporte con acompañantes, regulado polo *R.D. 443/2001, do 27 de abril sobre condicións de seguridade no transporte escolar de menores*, de comedor escolar regulado polo *Decreto 10/2007, do 25 de xaneiro, polo que se regula o funcionamento dos comedores escolares nos centros docentes públicos non universitarios dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria*, e de comedor xestionado pola ANPA.

A xornada escolar en Educación Infantil e Primaria é continua de 8:45 a 13:45, cun recreo de 30 minutos a media mañá.

A lingua materna predominante é o castelán, polo tanto seguindo o *D. 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario*, a lingua vehicular da aula será a lingua castelá, inda que deberemos ter en conta a lingua do contorno e procuraremos que o alumnado adquira o coñecemento da lingua galega dentro dos límites da etapa ou ciclo. Tamén os introduciremos progresivamente nunha primeira lingua estranxeira: o inglés, favorecendo así o plurilingüismo na aula. Xa que durante este curso, contamos cunha mestra de inglés que tamén imparte picomotricidade en lingua inglesa. Estamos inmersos no proxecto de froita e leite na escola e un programa de educación afectiva emocional e sexual e nun proxecto europeo, Erasmus + KA101.

Dende este curso contamos cunha soa aulas mixtas de Educación Infantil debido a supresión de unha das prazas debido á baixada da matrícula,

onde mesturamos as tres idades: 3, 4, e 5 anos, con este tipo de agrupamento nos prantexamos un reto educativo e o cambio metodolóxico a valorar despois de tres cursos. Consideramos que polo número de nenas/os este cambio será beneficioso para o seu rendemento.

Actualmente contamos so con unhas das aulas a mellora sufriron as melloras durante o curso pasado quedándonos coa de maior tamaño e o aseo pasou a uso exclusivo para o alumnado da etapa. Está dotada de: taboleiros, ordenador e pantalla dixital interactiva. En canto ao mobiliario : mesas rectangulares de dúas persoas con cadansúa cadeira o que nos permite facer distintos tipos de agrupamentos: parellas, pequeno grupo ou gran grupo, distintos mobles de almacenaxe. No corredor hai perchas e casilleiros para cada nena/o.

No exterior contamos cun patio cuberto e un patio de xogos con zona de areeiro e outra zona pendente de mellorar con estruturas fixas. A problemática da falta de zoade sombra este curso solucionámola coa planificación de dúas árbores de crecemento rápido preto da zona de estruturas.

Ademais no centro dispoñemos de distintas instalacións compartidas coas outras etapas educativas en distinto horario como: aula Sala de Usos Múltiples, polideportivo dotado de vestiarios, duchas e almacén, aseos para alumnado e persoal, aula de informática, aula de música, etc. Que durante este curso comezamos a facer uso responsable atendendo as medidas sanitarias actuais.

2.3. CARACTERÍSTICAS DO ALUMNADO DE E. I.

No centro están escolarizadas/os neste momento (setembro 2021) 14 alumnas/os de idades comprendidas entre os 3, 4, 5 e 6 anos.

Dentro da diversidade do alumnado, este curso, contamos con 1 alumno de etnia xitana, dous alumnos con comportamento disruptivo e unha alumna con altas capacidades.

Segundo a Piaget, o noso alumnado atópase no período preoperacional, que abarca dos 2 aos 7 anos. Este período está dividido en dous estadios: de 2 a 4 anos o estadio do pensamento simbólico e de 4 a 7 o estadio do pensamento intuitivo.

Centrándonos nos ámbitos de desenvolvemento, podemos destacar as seguintes características:

- A nivel motor as/os nenas/os están preparadas/os para construír o seu esquema corporal a partir da diferenciación das súas partes. Incrementan o control do ton muscular e a respiración. Perfeccionan o equilibrio e a capacidade para orientarse no tempo e no espazo. Afinan as súas posibilidades manuais (motricidade fina) que serán básicas para a escritura.
 - No desenvolvemento cognitivo organizan o seu pensamento en torno a esquemas mentais sinxelos e básicos. Usan a intuición e guíanse polo ensaio-erro. Necesitan vivir situacións cotiás e repetitivas, para afinar o coñecemento do contorno máis próximo. En situacións coñecidas son capaces de captar relacións entre os obxectos, comprender secuencias simples no tempo e establecer conexións causa-efecto.
- No que respecta á linguaxe nesta idade adoptarán as regras gramaticais

básicas da súa lingua materna e poden recoñecer palabras moi significativas da súa contorna, polo que se pode favorecer a súa habilidade lectora. Tenden a explicalo todo deixándose guiar pola imaxinación. Consideran todo como resultado da acción humana. Iníciase na aprendizaxe da linguaxe escrita: representación gráfica de letras, palabras e frases sinxelas.

- O seu desenvolvemento persoal caracterízase porque a/o nena/o comeza a recoñecer a súa individualidade, determinada pola súa identificación cos adultos e polo trato que reciben na familia. Comezan a tomar conciencia do seu propio eu e da súa aceptación e estima. A identificación e asimilación da súa pertenza a un determinado sexo fortalécese coa relación cos outros nenos. Atravesan unha etapa egocéntrica, só falan de si mesmos e non teñen en conta o punto de vista dos demais. A interrelación cos outros e a súa imitación achéganlles a un diálogo socializado. Inician gradualmente pequenos grupos determinados por intereses variables.
- O seu desenvolvemento moral parte das consideracións transmitidas polos adultos que os rodean, deles aprenden actitudes e normas sociais básicas. Adoptan os comportamentos das persoas de referencia para elas/es.

Estas características son xerais xa que logo se concretarán en cada nena/o en particular pois a súa maduración, experiencia e ambiente condicionará o seu proceso evolutivo.

3.OBXETIVOS, CONTIDOS E CRITERIOS DE AVALIACIÓN XERAIS DE CICLO

1. COÑECEMENTO DE SI MESMO E AUTONOMÍA PERSOAL

Bloque 1: O corpo e a propia imaxe

Bloque 2: Xogo en movemento

Bloque 3: A actividade cotiá

Bloque 4: O coidado persoal e imaxe

Obxectivos:

- Recoñecer, identificar e representar o corpo e as súas partes.
- Coordinar e controlar o seu corpo, as súas posibilidades motrices e adaptalo ás características dos obxectos, á acción e á vida cotiá.
- Recoñecer os sentidos e identificar percepcións e sensacións.
- Construír unha imaxe positiva aceptando a súa identidade, confiando nas súas posibilidades e aceptando as súas limitacións.
- Identificar e valorar positivamente semellanzas e diferenzas entre as persoas.
- Recoñecer os sentimentos, vivencias, emocións propios e comprender os dos demais.
- Participar en xogos de destreza manual e motora para mellorar as mesmas.
- Participar en actividades colectivas aceptando as normas.
- Resolver con iniciativa e autonomía as actividades da vida cotiá.
- Manifestar hábitos de saúde e hixiene utilizando adecuadamente espazos e materiais.
- Identificar situacións de risco e actuar coherentemente ante elas.

Contidos:

- Recoñecemento, identificación e representación da figura humana.
- Coordinación e control do corpo e das súas posibilidades motrices.
- Sensacións e percepcións: educación sensorial.
- Aceptación da súa propia imaxe e da dos demais.
- Autonomía e autoconcepto.
- Identificación e valoración das semellanzas e diferenzas entre as persoas.
- Recoñecemento de sentimentos e emocións.
- Participación en xogo de destreza manual e motora.
- Aceptación de normas.
- Iniciativa na vida cotiá.
- Coidado e respecto do seu corpo.
- Hábitos de hixiene básicos.
- Identificación de situación de risco e actuación en consecuencia.

Criterios de avaliación:

- Diferenza e recoñece as diferentes partes do noso corpo e dos demais.
- Utiliza de xeito coordinado as diferentes posibilidades motrices do noso corpo no desenvolvemento de diferentes accións cotiás.
- Emprega os sentidos como fontes de investigación e percepción do contorno.
- Confía nas súas posibilidades e acepta as súas limitacións.
- Recoñece e valora positivamente as diferenzas entre as persoas
- Participa activamente nas actividades grupais.
- Acepta as normas e regras que rexen as diferentes actividades grupais.
- Amosa certa autonomía no desenvolvemento de actividades da vida cotiá.

-Emprega axeitadamente os diferentes espazos e materiais que favorecen ao desenvolvemento de hábitos hixiénicos.

-Actúa correctamente en situacións de risco empregando unha actitude de coidado e prevención.

2.COÑECEMENTO DO ENTORNO

Bloque 1: Medio físico: elementos, relacións e medida

Bloque 2: Achegamento á natureza

Bloque 3: Cultura e vida en sociedade

Obxectivos:

-Explorar os elementos do contorno inmediato e recoñecer as súas propiedades.

-Agrupar, clasificar e ordenar distintos elementos.

-Empregar os números para identificar, contar, clasificar e ordenar elementos da realidade.

-Propoñer e resolver problemas sinxelos relacionados con situacións cotiás, empregando e comparando peso, lonxitude e capacidade.

-Recoñecer algúns elementos xeométricos.

-Usar e comprender nocións temporais básicas ordenando temporalmente momentos significativos da súa vida.

-Interesarse polo medio natural e os seus cambios e identificando os seus compoñentes.

-Coidar e respectar á natureza e participar en actividades para conservala.

- Identificar e recoñecer as diferentes etapas da vida: persoas e outros seres vivos.
- Identificar e recoñecer os grupos sociais máis significativos do contorno do alumnado e algunhas características da súa organización.
- Recoñecer algunhas manifestacións culturais próximas e doutras realidades, valorando a súa diversidade e riqueza.

Contidos:

- Exploración dos elementos do contorno próximo.
- Recoñecemento das propiedades dos elementos do contorno.
- Agrupación, clasificación e orde.
- Identificación, relación e asociación dos números: grafía e cantidade.
- Peso, lonxitude e capacidade.
- Elementos xeométricos básicos.
- Nocións temporais.
- Coidado, interese e respecto polo medio próximo.
- Reciclaxe.
- Identificación de grupos sociais do seu contorno
- Valoración e participación nas manifestacións culturais da zona.
- Seres vivos
- O horto: cultivo, coidado e recollida.

Criterios de avaliación:

- Explora e identifica as características dos obxectos: forma, tamaño, grosor e cor.

- É capaz de clasificar e ordenar os obxectos atendendo ás súas características.
- Utiliza os números para contar, clasificar e ordenar os elementos.
- Resolve sinxelos problemas da vida cotiá comparando magnitudes: peso, lonxitude e capacidade.
- Identifica e diferencia os diferentes corpos xeométricos.
- Emprega axeitadamente as nocións espazo-temporais para localizar momentos e espazos da vida cotiá.
- Identifica os diferentes cambios que se producen continuamente no contorno próximo, na vida das persoas e doutros seres vivos.
- Recoñece e acepta aos diferentes grupos sociais do seu contorno.
- Participa sen rexeitamentos (sexistas, culturais,...) e valora positivamente as manifestacións culturais propias e de outras culturas.

3.LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN

Bloque 1: Linguaxe verbal

Bloque 2: Linguaxe artística: plástica-musical-corporal.

Bloque 3: Linguaxe audiovisual

Obxectivos:

- Utilizar a lingua oral para comunicarse e mellorar as intencións comunicativas
- Comprender mensaxes orais diversas, mostrando unha actitude de escoita atenta e respectuosa.
- Amosar unha actitude positiva cara á aprendizaxe dunha lingua estranxeira, interesándose por participar en interaccións orais, como: rutinas, xogos e situacións habituais de comunicación.

-Aproximarse á lingua escrita a través dos textos presentes na aula e no contorno inmediato.

-Interesarse e participar nas situacións significativas de lectura e escritura que se producen na aula desenvoltas por persoas lectoras e escritoras competentes.

-Achegarse á lingua escrita a través da produción de textos individualmente ou en grupo.

-Gozar compartindo a escoita e a lectura en voz alta de textos literarios: contos, relatos, lendas, poesías, rimas, adiviñas...

-Utilizar a biblioteca con respecto e coidado, valorándoa como recurso informativo, de entretemento e gozo.

-Expresarse e comunicarse a través de diversas linguaxes: plástica, corporal, audiovisual...

-Aproveitar a expresión corporal para levar a cabo representación e que melloren o noso coñecemento do contorno.

-Utilizar, na medida das súas posibilidades, a linguaxe audiovisual e as tecnoloxías da información e comunicación como vehículo de expresión e comunicación.

Contidos:

-Uso e mellora da linguaxe oral

-Comprensión de mensaxes orais

-Actitude de escoita e participación ordenada na conversa.

-Interese pola lingua estranxeira

-Aproximación á lingua escrita.

- Goce coa literatura infantil
- Expresión e comunicación a través de diversas linguaxes
- Utilización e valoración da biblioteca escolar e de aula.
- Expresión plástica
- Expresión corporal
- Linguaxe audiovisual

Criterios de avaliación

- Utiliza a linguaxe oral axeitadamente nas diferentes situacións comunicativas.
- Amosa unha actitude de escoita atenta e respectuosa polas intervencións dos outros.
- Ten interese por descubrir e utilizar unha lingua estranxeira en xogos e situacións habituais.
- Participa e amosa interese por aquelas actividades relacionadas coa lectura e os textos escritos.
- Goza producindo os seus propios textos escritos.
- Valora positivamente e respecta as creacións dos seus compañeiros/-as.
- Segue axeitadamente as normas de funcionamento da biblioteca.
- Participa activamente e na medida das súas posibilidades naquelas tarefas que empregan a linguaxe audiovisual e as novas tecnoloxías da información e comunicación.
- Manexa con certa autonomía as novas tecnoloxías da información e comunicación.

4. COMPETENCIAS

A Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación e no Decreto 330/09 establece oito competencias que o alumnado debe desenvolver e acadar ao longo do ensino básico. Inda que estas veñen indicadas para o ensino obrigatorio, é preciso que o seu desenvolvemento se inicie dende o comezo da escolarización, de xeito que a súa adquisición se realice de xeito progresivo e coherente. Estas competencias, polo tanto, orientarán e impregnarán o currículo de Educación Infantil, téndose como referentes que guíen a práctica educativa e condicionen o tratamentos das áreas. É necesario sinalar que no Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria cambia a nomenclatura e modifica algunhas competencias pasándose a chamar competencias clave e reducíndose a 7.

As competencias non se asocian directamente a unha área, senón que deben traballarse de xeito global, a través de pequenas achegas e na adquisición de distintos coñecementos, habilidades e actitudes. Polo tanto, as competencias deben promover o desenvolvemento de capacidades máis que asimilación de contidos, axudar a nenas e nenos a resolver situacións e problemas, ter un carácter dinámico, garantir a calidade e equidade da educación e contribuír ao desenvolvemento integral.

Débense abandonar os tradicionais modelos de transmisión de coñecementos por modelos que permitan a mobilización de diferentes recursos cognitivos. O noso punto de partida educativo será “aprender a aprender” e “aprender facendo”. Necesitamos partir de situacións da vida real que impliquen a resolución de problemas na práctica a través dunha aprendizaxe

significativa. Polo que será necesario traballar por **proxectos**, empregando un enfoque globalizador que parte dos intereses do alumnado, das súas experiencias e coñecementos previos.

Dentro da nosa programación imos contribuír ao desenvolvemento das competencias traballando de xeito secuenciado nos tres cursos de Educación Infantil.

COMPETENCIA EN AUTONOMÍA E INICIATIVA PERSOAL

Esta competencia baséase no coñecemento de si mesmo que van construíndo o neno e a nena a través da súa interacción co medio, cos seus iguais e cos adultos e na súa capacidade para actuar por iniciativa propia.

A nena e o neno do segundo ciclo de educación infantil, a medida que coñece o e controla o seu corpo, amósase progresivamente máis seguro da súa capacidade para realizar e concluír eles sós as rutinas persoais de alimentación, vestido, aseo e descanso, e de enfrontarse a novas situacións e actividades con iniciativa, asumindo aqueles riscos que se sente capaz de controlar.

Grazas ao desenvolvemento desta competencia os nenos/-as conseguirán ao finalizar o segundo ciclo de educación infantil:

- Desenvolverse con iniciativa e dun xeito progresivamente máis competente na realización de actividades que favorecerán a súa adaptación ás distintas situacións de aprendizaxe.
- Progresar na adquisición de hábitos e actitudes que favorecen a hixiene e o fortalecemento da saúde.
- Resolver problemas ou dificultades que pode atopar no xogo e na súa

relación cos seus iguais ou cos adultos.

- Mellorar as habilidades e as destrezas necesarias para poder desenvolverse dun xeito cada vez máis autónomo nos diferentes marcos do seu contorno.

Ademais farase unha coidadosa secuenciación das actividades o que favorecerá que o alumno/-a vaia adquirindo seguridade nas súas propias capacidades.

Para poder acadar todo isto, realizaremos distintas actividades como: recanto do xogo simbólico, programa de saúde, rutinas, aprendizaxe cooperativa, cohesión de grupo, ...

□ **RECANTO DO XOGO SIMBÓLICO:** recanto no que hai bonecas, cociña, utensilios de limpeza e menaxe, xoguetes relacionados con diversas profesións (como: médicos ou carpinteiros, supermercados ...). Traballando así todos os conceptos relacionados con esta capacidade xa que desenvolverán papeis da vida cotiá como preparar a comida, polo que primeiro lavaran as máns, porán a mesa, repartirán a comida, realizarán diversos xantares, recollerán a mesa, xogarán a lavar la roupa, coidar dos nenos ou animais.

□ **PROGRAMA DE SAÚDE:** traballaranse aspectos como a hixiene, o descanso, a prevención de enfermidades, a prevención de accidentes e alimentación, falaremos da importancia destes aspectos como que é necesario durmir para gozar de boa saúde, que hai que alimentarse ben para non enfermarse, que hai que tomar medidas fronte o frío, a chuvia e o sol.

Destacar a participación no programa de _____.

□ **RUTINAS:** durante todo o curso realizamos unha serie de rutinas: algunhas relacionadas coa autonomía, alimentación e a hixiene, por exemplo, poñerse e sacarse os mandilóns, ir sós ao baño, lavar as mans antes de

comer, traer ao colexio merendas apropiadas como froita, lacteos... recoller sempre as cousas, saudar cando chegamos e despedirse cando nos marchamos. Todas estas rutinas axudarán as nenas e nenos a desenvolver a súa autonomía persoal e adquirir bos hábitos de hixiene, de alimentación e de conduta.

Actividades de separación de refugallo para prepara ao alumnado na rutina da vida diaria, xa que nas aulas contamos con papeleiras para facelo e o centro participa da creación de compos. IRÁ MELLOR EN COMPETENCIA SOCIAL E CIDADÁ?????

COMPETENCIA EN COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA

Esta competencia está relacionada co desenvolvemento e uso adecuado das destrezas básicas da linguaxe como escoitar, falar, ler e escribir. Esta competencia vai contribuír a que o neno/-a constrúa o seu pensamento e regule a súa conduta, poida expresarse, comprenda e interprete ideas, sentimentos e mensaxes diversas...

A competencia lingüística é básica porque permite que os alumnos/-as poidan crear vínculos cos demais e co seu contorno, comprender e transformar a realidade e desenvolver a súa personalidade.

Dende as nosas aulas imos promover actividades que faciliten que os nenos/as poidan comprender, interpretar, producir e representar mensaxes orais e escritas, así como favorecer que melloren o seu vocabulario, formas e estruturas de expresión e coñezan textos de tradición e cultura oral, textos empregando as novas linguaxes audiovisuais e multimedia.

Para isto proporemos actividades que favorezan o desenvolvemento progresivo das habilidades lingüísticas dos neno/a. Ao rematar o ciclo pretendemos que os nenos/as poidan:

- Expresarse de xeito claro e coherente.
- Ter un vocabulario axeitado a súa idade.
- Describir persoas, situacións e obxectos.
- Comprender contos e relatos lidos ou contados.
- Comprender e interpretar imaxes.
- Relatar pequenas historias, vividas ou inventadas.
- Comprender, memorizar e recitar poemas, adiviñas, refráns...
- Ler e escribir palabras sinxelas relacionadas co seu contorno.

Todo isto se traballará na aula a través do xogo autónomo nos recunchos, nas actividades grupais na asamblea, nas tarefas diarias relacionadas coa lecto-escritura e grafomotricidade etc. Recordamos que traballaremos cunha perspectiva globalizada, polo tanto, a linguaxe encóntrase presente en calquera actividade e momento do día.

PLAN DE LECTURA: realizaremos empréstitos semanais na biblioteca do centro, dentro do plan lector de Primaria.

□ VISITAS A LEO: a nosa biblioteca conta cunha mascota que é Leo. Todos os alumnos/-as do centro, incluídos os de educación infantil, imos á biblioteca un día á semana. Aproveitamos para ler na biblioteca, buscar información nos ordenadores e, por suposto, coller libros en empréstito. Os nenos/-as de E. Infantil levan os libros para casa o xoves e as súas familias deben contarlle o conto a fin de semana, así tamén se implican ás familias nas

actividades do centro. Temos unha semana de empréstito. Ademais, aproveitaremos este espazo para participar en todas as actividades propostas polo Equipo da Biblioteca como contacontos, títeres...

□ RECANTO DE BIBLIOTECA DE AULA: nas aulas de educación infantil contamos cunha pequena biblioteca onde os nenos/-as poden ir ler, ver imaxes, xogar coas letras, contar, representar, contan con marionetas para interpretar. Pretendemos con isto que os libros estean presentes nas nosas aulas e os neno/-as poidan acceder a eles con facilidade

□ NAS RUTINAS: nas rutinas diarias estamos lendo continuamente, non só palabras, senón tamén imaxes, lemos o nome no percheiro, pasamos lista, facemos o calendario, escollemos o recuncho onde xogamos e o marcamos, lemos a ficha de traballo... A repetición diaria destas rutinas dá seguridade e confianza aos nenos/-as e axúdaos a utilizar cun uso axeitado as normas e convencións sociais que regulan os diálogos e conversas colectivas cando falamos na asemblea.

□ OS EXPERIMENTOS: A experimentación fornece o noso vocabulario, axudándonos a aprender palabras novas, enumerando os elementos que precisamos, invitándonos a facer hipótese, expresando a satisfacción polos nosos triunfos e a decepción polos nosos fracasos. Estes experimentos non sempre serán nas aulas, ás veces, serán cos compañeiros doutros cursos os que nos fagan demostracións. Este intercambio favorece que os nenos/-as se relacionen con persoas de distintas idades e con distintos roles sociais.

□ CANCIÓNS, POESÍA, REFRÁNS E RETAHILAS: queremos espertar o gusto por todos os xéneros literarios, por iso imos traballar os contos tradicionais, cancións, refráns, trabalinguas, adiviñas, retahílas, xogos de sorte,

xogos de roda, recuperando parte do noso patrimonio. Trátase de que os nenos/-as aprendan e reproduzan os textos de xeito adecuado e que gocen cos mesmos. Ademais, esta aprendizaxe favorece a súa capacidade memorística. Por outra banda, estes xogos permiten estimular a linguaxe oral, mellorar na articulación das palabras e afianzar a pronunciación dos grupos consonánticos complexos.

□ COMUNICACIÓN NA AULA: dende que entramos pola mañá estamos comunicándonos. Promovemos as habilidades sociais no saúdo, no uso de agradecementos, nas peticións... Dialogamos e intercambiamos ideas, opinións, sentimentos, inquedanzas, vivencias, medos... cando falamos na asemblea. Ademais, facémolo de xeito ordenando, respectando as regras sociais que rexen un diálogo: quenda de palabra, escoita... Este exercicio comunicativo fai que, cada día, melloremos o noso discurso, teñamos que ser cada vez máis claros para que nos entendan, usar signos extralingüísticos para aumentar a significatividade dos nosos discursos, melloremos a linguaxe corporal e, incluso, a linguaxe nos sirva como elemento de xogo nas nosas representacións no xogo simbólico, nas representacións teatrais, nas gravacións co ordenador...

□ A ESCRITA: dende os 3 anos levaremos a cabo actividades de grafomotricidade e lectoescritura motivadoras e relacionadas co noso proxecto. Comezaremos escribindo o noso nome e o nome dos nosos compañeiros pola súa significatividade afectiva. Despois, pouco a pouco, observaremos os fenómenos atmosféricos máis comúns... Procuraremos que os nenos/-as sexan capaces de reproducir pequenos textos e vaian adquirindo trazos básicos para poder escribir despois na primaria. Traballaremos co lapis para mellorar a

preensión sobre o mesmo, así como a posición correcta e favoreceremos o desenvolvemento da motricidade fina a través de actividades co punzón, tesoiras, plastilina, rasgado... Non faltaran actividades que promovan a coordinación visomanual, así como a aprendizaxe de algún convencionalismo como a linealidade, a direccionalidade dereita-esquerda, a organización e posición do texto no papel... Finalmente, a lingua escrita estará presente nas nosas aulas con carteis e letreiros que indiquen onde están as cousas, o nome dos neno/as e das mestras, os baños... Isto axuda a que os nenos/-as diferencien diversas formas de escrita como debuxos, pictogramas, letras, sinais..., identifiquen palabras co seu medio habitual, recoñezan a utilidade da lingua escrita como representación da realidade e teñan gusto pola mesma e se interesen por descubrir e descifrar mensaxes. Destacar que nunha hora semanal xuntaremos a todos os nenos/as de 5 anos para realizar actividades de lectoescritura cunha das titoras, para traballar máis en profundidade estos aspectos.

COMPETENCIA MATEMÁTICA

Consiste na habilidade para empregar e relacionar os números, as súas operacións básicas, os símbolos e as formas de expresión e razoamento matemático, tanto para producir e interpretar distintos tipos de información, como para ampliar o coñecemento sobre aspectos cuantitativos e especiais da realidade, e para resolver problemas relacionados coa vida cotiá e co mundo laboral.

Esta competencia implica o coñecemento e manexo dos elementos matemáticos básicos- distintos tipos de números, medidas, símbolos,

elementos xeométricos,...- en situacións reais ou simuladas da vida cotiá, e a posta en práctica de procesos de razoamento que levan á resolución dos problemas ou á obtención de información.

Na educación infantil contribuímos á mellora da competencia matemática na medida en que os elementos e razoamentos matemáticos van ser empregados para enfrontarse ás situacións cotiás e reais que o precisen.

Polo tanto imos potenciar que o noso alumnado se inicie na formulación de hipóteses, buscando respostas e explicacións, para anticipar probables efectos que poderían producirse como consecuencia de situacións da vida diaria e dalgúns experimentos realizados, aproveitando que no presente curso imos desenvolver os proxectos aproveitaremos para facer clasificacións, seriacións, identificando as súas características, atributos e cualidades, de xeito que poidan establecer relacións entre eles, agrupalos, clasificalos, ordenalos...

A matemática do mesmo xeito que lle pasa a linguaxe está presente en todas e cada unha das actividades que levamos a cabo o longo da xornada: no xogo simbólico, nos experimentos etc.

□ RUTINAS: imos contar cantos estamos na clase, cantos faltan , si somos máis nenas ou nenos, os grados de temperatura que marca o noso termómetro, o día que é hoxe, quen é o encargado e polo tanto o que sae primeiro

□ EXPERIMENTOS: Onde imos ter que mesturar diferentes elementos, máis ou menos cantidade, en envases de diferentes tamaños, con diferentes cores, texturas, aromas... Elementos que serán lixeiros ou pesados, que flotarán ou se afundirán, que atoparemos dentro ou fora da aula, duros ou

brandos... Unha infinidade de conceptos matemáticos que a través da experimentación e a transferencia a situacións reais van facer que cobren unha maior significatividade para os nosos nenos/-as.

□ **MÚSICA E PSICOMOTRICIDADE:** xeradoras de múltiples e ricos coñecementos matemáticos (como por exemplo: o ritmo, o movemento, a velocidade, a altura do son...) farán que a vivencia dos conceptos sexan divertidos, altamente motivadores e xeradores de novas experiencias .

COMPETENCIA SOCIAL E CIDADÁ

Esta competencia posibilita comprender a realidade social na que se vive, convivir e exercer a cidadanía democrática nunha sociedade plural, así como comprometerse a contribuír á súa mellora. Para acadar esta competencia son necesarios coñecementos diversos e habilidades complexas que permitan participar, tomar decisións, elixir como comportarse en determinadas situacións e responsabilizarse das eleccións e decisións adoptadas.

Para contribuír a acadar esta competencia proporemos actividades que contribúan a:

- Coñecerse e valorarse a si mesmos.
- Favorecer a súa autoestima.
- Ser capaz de comunicarse en distintos contextos
- Ser capaz de poñerse no lugar do outro e comprender e aceptar un punto de vista distinto ao propio
- Ser capaz de valorar os intereses individuais e os do grupo
- Valorar as diferenzas entre diversos colectivos e recoñecer a igualdade de dereitos para todos, en particular entre homes e mulleres.

- Resolver conflitos de convivencia mediante o diálogo e a negociación e aprender a mediar nos conflitos de convivencia.

Para todo isto levaremos a cabo nas nosas aulas activades en gran e pequeno grupo q favorezan as relacións persoais, procurando sempre a integración e cohesión de todo o alumnado.

Para todo isto levaremos a cabo nas nosas aulas:

□ APRENDIZAXE COOPERATIVA – COHESIÓN DE GRUPO: esta metodoloxía e a súa organización a través dos roles de portavoz, encargado de material e encargado da orde e o traballo facilitará o traballo de esta competencia, reforzándoas coas actividades que se expoñen a continuación. Ademáis realizaremos diversas actividades conxuntamente as dúas clases, fomentando as relacións sociais. Por exemplo en obradoiros.

□□ Actividades para traballar a responsabilidade, a autonomía, o autocontrol, a autoestima, a confianza en si mesmos, a conciencia emocional, a adaptabilidade...

□ Nomearemos un responsable na clase cada día.

□ Seguimento dunha rutina diaria ao comezar a xornada: pequena asemblea de inicio e recordatorio ao final do día.

□ Actividades para reforzar a sensación de identidade e imaxe corporal como:

o Actividades no espello (de man e de parede), diferentes xogos, por exemplo: estatuas, exercicio físico, bailes...

o Debuxos da figura humana (de si mesmos e dos outros).

o Xogos teatralizados

o Recunchos de xogo simbólico

- o Literatura que evite a discriminación sexual e favorecer a reflexión sobre os contos clásicos, falando dos roles sexuais.
- o Crearemos e coidaremos o ambiente afectivo das nosas aulas, para que os nenos/-as se sintan acollidos, respectados e queridos e así eles poidan extrapolalo aos seus compañeiros.
- o Cando xurdan problemas entre os neno/-as actuaremos de mediadores para poder solucionarlos, escoitando as dúas partes e tratando de conciliar entre ambas.
- o Estableceremos normas de aula que deberemos respectar, ao igual que as normas do centro.
- o Procuraremos que os nenos/-as participen nas conversas e se impliquen na toma de decisións.
- o Participaremos en actividades que impliquen a toda a comunidade escolar como: o día da Paz, Magosto, Nadal...

COMPETENCIA DO COÑECEMENTO E A INTERACCIÓN CO MUNDO FÍSICO

Esta competencia refírese á habilidade para interactuar co mundo físico, facilitando así a comprensión de sucesos, a predición de consecuencias, así como tamén o coidado do medio natural e a protección da saúde dun mesmo e a dos demais. Debemos destacar que a interacción co espazo leva consigo unha serie de cambios que se producen pola presenza das persoas no espazo, xa que elas modifican as paisaxes coa súa actividade.

Así mesmo, supón demostrar espírito crítico na observación da realidade e na análise das mensaxes informativas e publicitarias, así como na adquisición duns hábitos de consumo responsable na vida cotiá.

Resumindo, esta competencia implica o desenvolvemento e aplicación do pensamento científico-técnico, có que interpreta a información que recibe e poida tomar decisións con iniciativa e autonomía persoal no mundo no que os avances que se van producindo no ámbito científico e tecnolóxico teñen unha influencia decisiva na vida persoal, na sociedade e no mundo natural.

Contribuirase a potenciar habilidades de investigación, como:

- Formular hipóteses.
- Recoñecer evidencias.
- Observar.
- Descubrir alternativas.
- Verificar, predicir, xerar novas ideas e solucións,...

Ao rematar o ciclo pretendemos que os nenos/-as poidan:

- Observar e explorar activamente o seu contorno.
- Observar os cambios e modificacións a que están sometidos os elementos do contorno.
- Amosar actitudes de coidado, respecto na súa conservación.
- Iniciarse na formulación de hipóteses, buscando respostas e anticipar probables efectos que poderían producirse como consecuencia de situacións da vida diaria e dalgúns experimentos realizados.

Para isto levaremos a cabo nas nosas aulas:

□ HORTA. O alumnado de E. Infantil participarán en distintas actividades

- Iniciémonos na selección de residuos para fomentar a reciclaxe
- Encargarémonos do coidado dun pequeno horto: plantando, traballando a terra, abonando, regando,...

□ SAÍDAS E ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS. Realizaremos varias saídas ao longo do curso, como por exemplo as que se citan a continuación entre outras que poidan xurdir ao longo do curso, sempre e cando a situación sanitaria o permita:

- 1º trimestre: aproveitaremos para realizar algunha saída ao entorno próximo ben relacionada cos proxectos ou con motivo dalgunha celebración.
- 2º trimestre: faremos algunha saída relacionada cos proxectos ou tendo en conta a oferta de actividades complementarias que consideremos interesantes para o alumnado.
- 3º trimestre: faremos unha saída de fin de curso para despedir aos compañeiros/as que promocionan para Primaria, de ser posible será relacionada co proxecto que estiveramos traballando nese momento.

Todas elas están directamente relacionadas cos proxectos nos que participamos no centro. Esta planificación é aproximada e irase modificando en función das necesidades e de a onde nos leve o proxecto de centro. Ademais, isto non exclúe calquera outra saída que poida xurdir durante o curso e que levaremos a cabo se consideramos que didacticamente pode mellorar ou afianzar os coñecementos do noso alumnado.

□ MOMENTOS PARA PENSAR. Durante toda a semana na asemblea de cada día deixaremos un espazo dedicado a pensar, no que traballaremos a filosofía para nenos/-as, na que o mestre fará unha serie de preguntas ou presentará unha serie de situacións que espertan a curiosidade dos cativos/-as por descubrir o contorno máis ou menos próximo e os seus elementos. Nestes momentos tamén aproveitaremos para amosar diversos e diferentes vestidos, roupas, alimentos, instrumentos cos que xogaremos a adiviñar os seus usos.

COMPETENCIA CULTURAL E ARTÍSTICA

Esta competencia supón coñecer, comprender, apreciar e valorar criticamente diferentes manifestacións culturais e artísticas, utilizándoas como fonte de enriquecemento e de gozo, así como consideralas como parte do patrimonio dos pobos. Tamén leva implícito dispoñer daquelas habilidades e actitudes que permiten acceder ás súas distintas manifestacións, así como habilidades de pensamento para poder comprendelas, valoralas e gozalas.

Ao rematar o ciclo pretendemos conseguir que os nenos/-as poidan:

- Descubrir as diferentes manifestacións culturais e artísticas do contorno máis próximo.
- Desenvolver un sentimento de confianza nas producións artísticas persoais.
- Amosar interese pola mellora das súas producións e amosar respecto polas creacións propias e das demais persoas.
- Achegarse ao coñecemento de obras artísticas expresadas en distintas linguaxes, comunicándose creativamente a través das diferentes manifestacións e adquirindo sensibilidade estética.

- Potenciar a capacidade creativa a través das linguaxes artísticas para imaxinar, inventar, transformar,... dende as súas ideas, sentimentos, experiencias, coñecementos,...

Para isto levaremos a cabo nas nosas aulas actividades, como: saídas ao entorno próximo para coñecer a realidade socio-cultural próxima, programaremos actividades artísticas fomentando a creatividade e orixinalidade, obradoiros de diversas manualidades etc.

Para isto levaremos a cabo nas nosas aulas actividades, como:

☐ MAGOSTO.- no mes de Novembro celebraremos a chegada do outono coa festa máis tradicional do contorno, onde todo o centro participará na degustación dos produtos desta época do ano, como son as castañas asadas. Tamén é un bo momento para recoller e memorizar diferentes adiviñas, refráns e ditos populares da zona.

☐ NADAL.- participaremos na decoración do corredor, na elaboración da postal de Nadal, e aprenderemos panxoliñas tradicionais. Este ano seguiremos coa iniciativa de intercambio de familias, xa que o hai moito alumnado de orixe marroquí e estes acolleron o curso pasado ao alumnado que o solicitou pasar unha días nas súas vivendas para unha celebración típica , durante este curso proporáselle as familias que acollan alumnado de outras culturas para mostrarlles a celebración do Nadal.

☐ O DÍA DA PAZ: dedicaremos a xornada do día da paz para levar a cabo xogos cooperativos de diferentes partes do mundo, para iso aproveitaremos a interculturalidade presente no centro.

□ ENTROIDO.- todo o centro participará no desfile de Entroido, este ano escolleremos un tema común a nivel de centro que soe estar relacionado co salón do Libro Infantil e Xuvenil de Pontevedra, no que deseñaremos e elaboraremos o noso disfrace xunto cunha pequena coreografía para facer o noso disfrace contaremos coa creación de obradoiros que se lle proporán ás familias.

□ SALÓN DO LIBRO INFANTIL E XUVENIL DE PONTEVEDRA: indagaremos no tema seleccionado para a súa celebración e realizaremos un traballo de centro coordinándonos coas diferentes etapas do centro, os cativos/-as participaran de maneira directa na creación do traballo, empregando diferentes recursos plásticos e do contorno para elaborar as producións artísticas acordadas.

□ MURAI E PAREDES DOS CORREDORES.- no corredor de E.Infantil decoraremos paredes e teitos nas diferentes épocas do ano con aqueles motivos relacionados co tema a traballar en cada momento. Por exemplo, ao longo do curso iremos decorando co tema do proxecto de cada trimestre.

□ DECORACIÓN DAS AULAS.- Ao longo do curso as aulas cambiarán a súa decoración de acordo co tema a tratar, elaborando móbiles para decorar o teito da aula, murais para as paredes, pancartas para as portas, vidreiras para as fiestras,...

□ SEMANA DAS LETRAS GALEGAS.- Durante toda unha semana participaremos con diferentes actividades relacionadas directamente co coñecemento da persoa a que está dedicada cada ano esta celebración, aproveitaremos para coñecer a súa obra, e tamén para memorizar e descubrir

diferentes textos tradicionais do noso folclore cultural, como por exemplo: cantigas, adiviñas, refráns, ditos,... do contorno máis próximo aos nenos/-as ou relacionados co autor dese ano.

TRATAMENTO DA INFORMACIÓN E A COMPETENCIA DIXITAL

Esta competencia vai consistir en dispoñer de habilidades para buscar , obter, procesar e comunicar información, e para transformala en coñecemento. Incorpora diferentes habilidades , que van dende o acceso á información ata a súa transmisión en distintos soportes unha vez tratada, incluíndo a utilización das tecnoloxías da información e a comunicación como elemento esencial para informarse , aprender e comunicarse. Está asociada coa busca, selección , rexistro e tratamento ou análise da información , utilizando técnicas e estratexias diversas para acceder a ela segundo a fonte á que se acuda e o soporte que se empregue ; oral , impreso , audiovisual, dixital ou multimedia.

Posto que o tratamento de información e a competencia dixital implican ser unha persoa autónoma, responsable , crítica e reflexiva ao seleccionar , tratar e utilizar a información, así como as distintas ferramentas tecnolóxicas, iremos pouco a pouco dándolles esta autonomía de xeito que sexan conscientes dela e utilicen os recursos sen medo algún. A planificación do seu uso estará pensada como un recurso, unha ferramenta que nos vai a axudar a acadar os obxectivos desexados.

Tamén tratarase de que teñan unha actitude crítica e reflexiva na valoración da información dispoñible , contrastándoa cando é necesario e

respectando as normas de conduta acordadas socialmente para regular o uso da información.

Na educación infantil imos a contribuír a mellorar esta competencia, propoñendo situacións nas que sexa necesario resolver problemas reais, para o cal recorreremos ao tratamento de información e ao uso dos recursos tecnolóxicos dispoñibles.

Ao longo do curso proporemos actividades que favorezan que ao remate do ciclo os nenos/-as poidan acadar:

- Unha utilización , na medida das súas posibilidades , da linguaxe audiovisual e as tecnoloxías da información e comunicación como vehículo de expresión e comunicación.
- Para poder acadalo imos facer diversas actividades e xogos interactivos na PDI tanto de forma grupal como en parellas no recuncho do ordenador.
- Para poder acadalo imos a facer :

□ **RECANTO DO ORDENADOR:** cada aula conta como mínimo cun PC no que se traballa de xeito cotián con diferentes programas didácticos como por exemplo:

- o Coello lector
- o Gordi
- o Coello lector ,camiño da lectura
- o Software de diferentes editoriais
- o Software do EDI instalado nos PCs para poder traballar con el
- o Materiais elaborados polo profesorado
- o Word

□ AULA VIRTUAL DO CENTRO mostráremoslle ao alumnado as publicacións que imos facendo para que se familiaricen con a páxina web do centro e a aula virtual, xa que no caso de ter que levar acabo educación semipresencial ou non presencial será unha das ferramentas empregadas onde proporemos as actividades.

□ AULA DE INFORMÁTICA procuraremos facer uso da aula unha vez pechados os horarios de secundaria.

□ AbalarMobil, Cisco Webex e correo electrónico serán as outras ferramentas empregadas durante este curso para comunicarnos co alumnado e as súas familias.

COMPETENCIA PARA APRENDER A APRENDER

Esta competencia supón a mellora na capacidade de aprender de forma autónoma, non só pola participación activa na construción da aprendizaxe, senón porque permite que poidamos apoiarnos nas aprendizaxes anteriores para utilizar, aplicar e ampliar as novas.

Para isto é necesario que os nenos/-as tomen conciencia das súas propias capacidades e das súas limitacións, recoñecendo o que poden facer por si mesmos e aquilo no que necesitan axuda.

En Infantil partimos sempre do traballo globalizado, polo tanto, esta competencia está estreitamente relacionada co desenvolvemento do resto das competencias. O que procuraremos é que os nenos/-as se desenvolvan con soltura, de xeito progresivo e sexa cada vez máis autónomo no manexo dos recursos e materiais ao seu alcance, na comprensión do mundo que os rodea, nas normas e regras de convivencia, na mellora de actitudes persoais e

grupais, no desenvolvemento das actividades, na resolución de problemas e situacións da vida cotiá e na aprendizaxe e integración de novos coñecementos.

Para isto levaremos acabo proxectos e experimentos que permitan a realización de tarefas de forma autónoma para o autoaprendizaxe e autoinvestigación.

Para isto levaremos a cabo nas nosas aulas:

- CLIMA DE TRABALLO: imos traballar nun clima afectivo e positivo para os nenos/-as, onde a confianza sexa a base primordial das nosas relacións. Este clima fará que o neno/-a se sinta seguro e aceptado e poida, polo tanto, expresarse, investigar, formular dúbidas, pedir axuda, rebater, opinar...

- OS PROXECTOS: nace da procura dunha mellora organizativa e na busca dun mellor rendemento do alumnado desta etapa facéndoos participes e estimulándoos a través de novas actividades que motiven aos alumnos/-as. Trátase de buscar actividades novas, axeitadas ao noso alumnado, actividades onde teñan que participar activamente na construción do seu propio aprendizaxe, partindo dunha realidade moi próxima. Trátase de aprender a través do descubrimento, mantendo vivas a curiosidade e maillo interese e evitando caer no esgotamento ou na desidia. Sen esquecer que; a rutina e a repetición son dúas das compoñentes indispensables nesta etapa para aprender, por iso, os pasos a seguir nas nosas investigación serán sempre os mesmos, crearemos un clima de investigación que os alumnos/-as poidan recoñecer, buscando información a través de diversos medios, coa axuda dos mestres/-as e das familias.

□ DIFICULTADE E DURACIÓN DAS ACTIVIDADES: os proxectos que levaremos a cabo serán sempre axeitados para o noso alumnado, sendo eles os que desexan investigar e coñecer sobre o tema acordado aproveitaremos así o seu alto compoñente motivador.

Procuraremos que os nenos teñen unha relación directa co mesmo, e que forme parte da súa realidade.

Para evitar o esgotamento procuraremos que a duración da actividade se axuste a idade dos nenos/as. Se xurde aburrimiento, desinterese ou esgotamento dun tema non forzaremos aos nenos/-as e buscaremos novas vías de traballo, xa que a motivación e implicación dos nenos/-as é primordial para que poidan construír o seu propio aprendizaxe.

□ INVESTIGANDO EN GRUPO: o traballo cooperativo facilita moito a construción de aprendizaxes xa que, non só posibilita a interacción entre os nenos/-as, senón que posibilita a mellora do aprendizaxe. Como estamos investigando a través de diferentes medios (libros, medios multimedia,...) levamos a cabo unha hipótese, esta hipótese é grupal, cada neno/a da a súa opinión. Esta posta en común axuda a reflexión e ao debate e fai que poidamos reformular os nosos pensamentos. Tamén axuda ao intercambio de opinión, soluciona dúbidas, suscita problemas que hai que solventar. Cada neno/a aporta o que sabe. Nun traballo grupal cada un aporta aquilo que coñece, e cada un de nós coñece cousas diferentes, esta diversidade enriquece o noso xeito de aprender.

□ TRABALLO ACTIVO: a búsqueda de información, a observación sistemática, a comparación, promoven a participación activa dos nenos/as na

realización de actividades. Aprender a aprender require aprender facendo, por iso a participación activa é fundamental nesta competencia.

□ AS SAÍDAS: non só aprendemos na aula, o noso contorno está cheo de elementos que debemos aproveitar. As nosas saídas procuran que os nenos/-as coñezan o seu contorno inmediato, saiban observalo, interpretalo, manipulalo e respectalo. Cando saiamos recolleremos elementos materiais para seguir traballando na aula, tamén teremos testemuña gráfica para lembrar, ordenar e usar as novas tecnoloxías.

□ OS ENCARGADOS: un xeito de aprender activamente é asumindo responsabilidades, por iso, cada día un dos nosos alumnos/-as será o encargado. As súas obrigas variarán en función da súa idade. Estas responsabilidades axudan ao desenvolvemento da autonomía do neno/-a e favorecen a participación, organización e funcionamento da aula.

□ OS RECANTOS: o xogo simbólico non só é un segmento de ocio, os nenos/-as a través do xogo vivencian as súas inquedanzas, imitan ao mundo adulto, representan unha e outra vez aquilo que os aflixe para poder superalo, inventan e imaxinan sen límites, aprender regras e límites e comparten os xogos e xoguetes cos demais. Á hora de ir xogar escollemos o noso recuncho, cada día da semana imos a un recuncho novo, xogamos con nenos/-as diferentes, recollemos ao rematar o xogo...

□ LEMBRAMOS: o elemento fundamental desta competencia, sen dúbida, é que o neno/-a sexa consciente das súas aprendizaxes, por iso temos que ter un espazo para a síntese e para lembrar o que fixemos. Despois dunha actividade nova, dunha observación, dunha investigación, dun conto... hai un momento para o lembrar o que fixemos, porque o fixemos, quen participou, que

buscábamos, que conseguimos... Cando remata a mañá lembramos todo o que fixemos ao longo da xornada e o que aprendemos. E, sempre que podemos autoavaliarnos, vemos como mellora a nosa grafomotricidade, como medramos, como imos sós ao baño, como xa non precisamos axuda para isto ou aquilo...

5. METODOLOXÍA

Dadas as características do alumnado desta etapa, establecemos como principios metodolóxicos comúns os seguintes:

Globalización

As diversas situacións de ensino-aprendizaxe terán en conta o desenvolvemento de tódalas capacidades das criaturas, nos aspectos cognitivos, psicomotores, afectivos, comunicativos,...O alumnado terá a oportunidade de vivenciar de xeito global tódalas experiencias que se lle propoñan.

Aprendizaxe significativa

O eixo da motivación dose nenos/as ante as actividades propostas será a ligazón dos novos coñecementos cos que eles previamente posúan. Este será ademais o punto de partida para abordar calquera situación de aprendizaxe, garantindo a asimilación dos novos conceptos de forma encadeada e a participación activa do alumnado na construción do coñecemento. Este principio metodolóxico plasmarase directamente na realización de PROXECTOS, recurso empregado de xeito compartido co traballo por recantos calquera outro que o profesorado considere apropiado a

cada situación. Realizarase un proxecto, en principio trimestral que xurdirá do interese do alumnado.

A abordaxe da lectoescritura tamén terá en conta estas premisas, de xeito que o alumnado se achegue a esta aprendizaxe a partires do máis próximo á súa experiencia. O enfoque constructivista alternará con outros recursos metodolóxicos que garantan a iniciación das criaturas neste proceso. As aulas e o medio circundante estarán rotuladas e contarán con textos de todo tipo para familiarizar ao alumnado coa linguaxe escrita: contos, listados, prensa, revistas, receitas, notas informativas, imaxes, códigos simbólicos,...

Metodoloxía activa

É importancia favorecer a participación activa dos nenos e nenas en tódalas actividades; a manipulación e a experimentación que os leve á reflexión, á planificación e á análise da realidade e da súa acción. O uso dos recunchos e os obradoiros responden a este principio.

Actividades

Neste apartado destacan as actividades que se levarán a cabo na aula clasificándoas seguindo dous criterios:

Segundo o momento escolar da súa realización, as actividades dividíranse en:

- Actividades iniciais: Son aquelas actividades que se utilizan para a toma de contacto co alumnado en diferentes momentos (o comezo do curso, dunha unidade didáctica, doutra actividade...etc). Serven para intercambiar información, compilar as súas ideas previas, coñecer as súas opinións... ademais, nos axudan a facer unha pequena “avaliación inicial” para saber onde nos atopamos e onde podemos chegar. Son exemplos deste tipo de

actividades as asembleas, preguntas abertas a tódolos alumnos, petición de opinións, exposicións de contos iniciais, etc.

- Actividades de desenvolvemento: Son, como o seu nome indica, as encargadas de desenvolver os contidos e capacidades que pretendemos. Con elas imos amosando pouco a pouco ditos contidos para que o noso alumnado sexa quen de ir facéndose cada vez máis partícipe deles. Serán de desenvolvemento, a realización de actividades relacionadas con aumentar as capacidades que iniciamos nas anteriores, por exemplo picar, cortar, e pintar para desenvolver a psimotricidade fina, asociar, relacionar, agrupar, e construír para desenvolver a competencia matemática, etc...

- Actividades finais: Serán as destinadas a recompilar os coñecementos expostos, avaliar o grado de adquisición dos mesmos e comprobar o que se interiorizou en maior ou menor medida. Para elo, as actividades de avaliación serán por exemplo grandes xogos que amosen esa interiorización, preguntas sobre o tema en cuestión para comprobar o aprendido, recompilación dos materiais....comparando así coas respostas iniciais, etc.

- Actividades de ampliación e reforzo: Estas actividades serán realizadas a prol daqueles alumnos ou alumnas que vexamos que necesitan facer maior fincapé en conceptos, procedementos ou actitudes que non lograron desenvolver ou para aqueles que superadas as actividades xerais poden ampliar mais as súas experiencias. As planificaremos segundo o desenvolvemento do resto das actividades para adaptalas ás necesidades mencionadas.

Segundo a agrupación de alumnos implicados nas mesmas, as actividades se dividen en:

- Actividades individuais: Son aquelas nas que o alumno ou alumna disfruta de tempo para sí mesmo. Implica o traballo propio e polo tanto a interiorización de conceptos necesarios para o fomento da súa autonomía e iniciativa persoal. Por exemplo, os momentos na mesa coas láminas de traballo, vestirse e espirse, facer debuxos, etc.

- Actividades en pequeno grupo: Trátase de actividades cooperativas entre un grupo reducido de alumnos. Con elas, poderemos traballar aspectos que nin en gran grupo nin en individual serían posibles coma o feito de compartir. Son exemplos de elas o traballo por recunchos, xogos de construcións, facer murais por grupos, etc.

- Actividades en gran grupo: Son as actividades nas que participa todo o grupo- clase, ou a gran maioría. Están destinadas para as actividades comúns, momentos de compartir experiencias co mestre, recollida de ideas previas, etc. Por exemplo, asembleas, exposicións, xogos cooperativos, cancións, bailes...

Individualización

Resulta indispensable garantir a consideración das criaturas como seres individuais que a escola acolle en toda a súa diversidade, respectando os seus ritmos de traballo e aprendizaxe e as súas peculiaridades nun ambiente integrador, para poder ofrecerlles a atención necesaria a cada un deles e favorecer eficazmente o seu desenvolvemento.

Aprender xogando

Por último, non podemos esquecer a importancia da dimensión eminentemente lúdica que teñen as actividades que se ofrezan ao alumnado para resposta aos seus intereses e facilitar a súa motivación.

5.1. ORGANIZACIÓN ESPACIAL

En canto á organización do espazo, é fundamental que as nenas e nenos o perciban como algo seu. Ha de adaptarse ás súas necesidades, o alumnado deben dispoñer de lugares propios e de uso común para compartir, para estar sos ou para relacionarse cos demais, espazos para realizar un determinado tipo de actividades... Tamén ha de favorecer a integración entre iguais e cos adultos, a manipulación de obxectos, a observación... Así, hai que habilitar determinados espazos para iso. Fixaranse áreas ou recunchos para o xogo, para as actividades plásticas, para as construcións...

O deseño dos espazos da aula terá os seguintes criterios:

- Serán ambientes estimulantes, seguros e educativos.
- Ofreceremos espazos para actividades individuais, pequeno grupo e gran grupo.
- Os recunchos terán material suficiente, seguro, resistente e non tóxico. Serán recunchos que facilitarán a mobilidade dos nenos/-as.
- Facilitaremos a introdución ou retirada de materiais dos distintos espazos para adecualos ás propostas de actividade.

Ao longo do curso os distintos espazos da aula irán evolucionando, en media do posible para adaptarse ás necesidades dos nenos/-as, para incorporar novas propostas, para adaptarse a cambios estacionais, ou

derivados dos intereses dos nenos. Na porta de entrada a Infantil hai unha cortiza onde se porá información de ser necesaria. E o espazo da porta aproveitarémola para expoñer traballos, fotos, actividades realizadas.

Dividiremos o espazo da aula en recunchos de actividade e de xogo.

5.2. ORGANIZACIÓN TEMPORAL

Teremos en conta as necesidades do alumnado, combinando tempos de actividade con períodos de descanso e actividades individuais.

É necesaria unha adecuada planificación da xornada escolar. Non hai que confundir o ambiente distendido e lúdico deste nivel educativo cunha falta de organización temporal e de certa calidade educativa. Traballaremos temas que respondan aos intereses dos nenos/-as así como aqueles que xurdan espontaneamente dentro da práctica diaria. Nesta planificación haberá que manter unhas constantes temporais ou rutinas tales como o saúdo á entrada, o tempo da merenda, a posta en común, a realización de actividades en grupo, individuais, a despedida... que servirán aos nenos para interiorizar a noción de tempo, é dicir, as rutinas.

□ *Rutinas*: teñen unha función organizativa e sistematizadora, contribúen a ofrecerlle ao neno/-a un marco estable e seguro, moi convinte para o seu desenvolvemento. Desenvolverémolas ao longo de todo o día. Trátase dun tempo indicado para estar xuntos, falar e aprender. Cada rutina desenvolverá distintas capacidades. As rutinas que seguiremos a diario serán:

□ Ao entrar: os nenos/-as colgarán o seu abrigo, poñeranse o mandilón e sentaranse na cortiza. O mestre recibirá individualmente a

cada un dos alumnos/-as, de forma cordial e afectuosa. Cada día haberá un encargado que poñerá o día que é no calendario, o día que fai, reparta o material, responsabilizarase dos seres vivos da aula... Pasaremos lista entre todos, colocando os nenos/-as que están no colexio de cartolina. Aproveitamos, cando pasamos lista, para realizar xogos con nomes dos nenos/-as como forma de achegalos á lecto-escritura. Contamos cantos nenos faltan e cantas nenas e o total de nenos/-as que faltan, nomeamos o día que é, cada día recordamos o resto dos días da semana, o mes no que estamos e a estación. Se hai algunha data importante recordámola ao longo da semana, igual que se imos facer algunha saída ou calquera outra circunstancia que poida alterar a rutina diaria. Logo escribimos a data no encerado e cada neno/-a debe cubrir o seu calendario.

□ Asemblea: será un tempo de conversación en gran grupo. Sentarémonos na cortiza que temos na aula. Será un tempo de conversa informal que aproveitaremos para recordar o que fixemos o día anterior e anticipar o que imos facer hoxe.

□ A merenda: antes de ir ao recreo, o encargado da semana repartirá os manteis individuais a cada neno/a. Lavarémonos as mans e sentarémonos a merendar relaxadamente. Ao acabar debemos limpar a mesa e tirar os restos na papeleira de reciclaxe correspondente.

□ Actividades de recollida: consideramos fundamental a recollida, fomenta a iniciativa, autonomía e responsabilidade. Deberán colocar todo no seu sitio, tirar os papeis e deixar todo ordenado.

□ Despedida: antes de irnos a casa recordamos ou que fixemos durante o día, ou que nos gustou máis e ou que me gustou menos. Sacámonos o mandilón, colocámonos o abrigo.

6. RECURSOS

Tal como se recolle no *D. 330/2009, do 4 de xuño*, os materiais curriculares axeitaranse aos tipos de contidos, ás características e necesidades específicas de cada contexto educativo e, consecuentemente, ás características individuais do alumnado. Estes materiais permitirán distintos graos de uso; para iso, serán o máis diversos posible, ofrecerán múltiples posibilidades de utilización en función das necesidades de cada situación e momento.

6.1 RECURSOS MATERIAIS

Tamén estarán presentes nas aulas elementos do medio natural e sociocultural que favorezan o vínculo coa identidade do alumnado e creen un ambiente significativo, ademais de espertar o interese por explorar e experimentar cos elementos que as nenas e os nenos teñen ao seu dispor.

O primeiro material e o máis importante a utilizar na aula será o propio corpo do neno/-a, a partir deste aparecerán outros materiais que estimulen as capacidades sensoriais e despois material estruturado.

Os materiais cos que contamos na aula serán: **materiais comerciais** (como por exemplo: bloques lóxicos, puzzles, dominós, pezas de madeira, láminas, xogos de cartas, xoguetes para os distintos recantos (cacharriños, peites, cociñas, berces, bonecos, coches, garaxes, etc) e de

fabricación propia empregando **materiais de refugallo** (seguindo as ideas das irmáns Agazzi, como por exemplo: cartóns, caixas, briks, botes de plásticos, envases, fíos, teas,...), traballando así os temas relacionados co consumo e o medio ambiente. Tamén empregaremos **materiais do entorno** para conectar a escola co contorno próximo, como por exemplo: sementes, froitos secos, follas, cortiza, pedras, area, paus,... **materiais das casas** para conectar as familias coa escola, como por exemplo: materiais necesarios para a estimulación e desenvolvemento dos proxectos, tamén disfraces, perrucas, colares, pendentes, lentes de sol, bolsos, contos,... **materiais funxibles** de uso individual ou colectivo, como por exemplo: papeis de cores, folios, témperas, pinturas de dedo, xices de cores, rotuladores grosos e finos, ceras duras e brandas, lapis de cores, pinceis, plastilina, arxila, pasta de papel, engrudos, pegamentos, colas, papel charol, papel de seda, celofán, e **non funxibles** como: tesoiras, punzóns, esponxas, rodillos, tampóns, moldes, instrumentos musicais,... e finalmente **materiais informáticos** como por exemplo: xogos variados, blogs, canón e pantalla, e **audiovisuais** como: música infantil e clásica, películas de debuxos animados, documentais sinxelos do mundo animal e vexetal.

6.2 RECURSOS HUMANOS

O centro conta con: órganos unipersonais directora, xefas de estudos de secundaria e de primaria e secretaria, órganos colexiados: claustro e Consello Escolar, dentro deste o Observatorio de Convivencia e a Comisión Económica, órganos de coordinación docente: Equipos de Ciclo, Comisión de Coordinación Pedagóxica, Equipo de Dinamización da Lingua Galega, Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares, titoras/es, Departamento de Orientación

propio e ademais sinalar que as/os mestras/es podemos participar en distintas Comisións de Dinamización.

Hai persoal especialista en: Educación Infantil, Educación Primaria, Educación Secundaria, Lingua Inglesa, Educación Física, Educación Musical, Pedagogía Terapéutica, Audición e Linguaxe e en Relixión Católica e Evanxélica.

Tamén hai personal non docente: conxerse, coidador, persoal administrativo, persoal de limpeza, persoal da cafetería, persoal do transporte escolar e a A.N.P.A.

7.ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Realizaremos diversas actividades complementarias como obradoiros e saídas ao entorno próximo, recollidas na PXA do Centro. Ademais daquelas outras que poidan xurdir ao longo do curso. Sempre e cando a situación sanitaria no lo permita, no protocolo COVID de centro se recollen as indicacións específicas para poder realizar algunhas das actividades, respectando sempre aos grupos burbulla, as medidas de hixiene e preferiblemente ao aire libre, de non ser posible o espazo escollido contara con ventilación e permitirá o distanciamento social necesario.

Ademais, ao longo do curso celebraremos as conmemoracións recollidas na *Orde do 25 de xuño de 2020 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2020/21 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia*: Día Universal da Infancia, Día internacional da Violencia de Xénero, Día internacional das persoas con discapacidade, Día escolar da non violencia e da paz, día Mundial da saúde, Semana do libro,...

Nestas celebracións participará todo o centro, aínda que sexa en espazos e horarios diferentes para despois poder compartilo con todo o alumnado mediante os recursos tecnolóxicos, como serán as publicacións na Aula Virtual e proxeccións na pantalla da entrada do centro,...

8. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

A diversidade é un elemento constitutivo dunha sociedade democrática como a nosa. A atención a diversidade establécese coma un principio fundamental que debe rexer todo o ensino básico, co obxectivo de proporcionar a todo o alumnado unha educación adecuada ás súas características e necesidades.

A Lei Orgánica 2/2006 de Educación, no seu Título II, Capítulo I recolle a atención ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo. Esta atención está dirixida ao alumnado que presenta necesidades educativas especiais, ao alumnado con altas capacidades intelectuais e ao alumnado con integración tardía no sistema educativo. Tamén na orde do 25 de xuño do 2009 (regula a implantación, o desenvolvemento e a avaliación do 2º ciclo da Educación Infantil) faise referencia ás medidas de atención á diversidade, como por exemplo:

- As propostas educativas desenvolveran principios inclusivos, integradores e non discriminatorios.
- Todo o profesorado terá en conta diferentes aspectos educativos na súa labor, adaptando as súas actuacións ás características persoais, necesidades, intereses e capacidades dos seus pequenos/-as.

- Tamén no centro se deseñarán, a través do departamento de orientación, accións e recursos encamiñados á atención temperá e á prevención de dificultades de desenvolvemento ou de aprendizaxe.

Se hai un elemento no que fai fincapé a lei é na Equidade. A Equidade é darlle a cada alumno/a o que precisa para lograr os obxectivos marcados, é dicir, suplir calquera circunstancia que poida marcar unha diferenza con respecto aos outros, diferenzas persoais, sociais ou culturais. O que se pretende con isto é a integración total do alumnado, a igualdade, referíndose tanto a igualdade de oportunidades coma a igualdade real e efectiva entre homes e mulleres.

1. *Adaptacións de acceso ao currículo:* son modificacións ou provisión de recursos espaciais, materiais ou de comunicación que van facilitar que os alumnos con necesidade específica de apoio educativo poidan desenvolver o currículo ordinario ou, no seu caso, o currículo adaptado.

a. Modificacións espaciais: emprazar ao alumno no lugar da aula no que se compensen ao máximo as súas dificultade e no que participe, o máis posible, na dinámica do grupo.

b. Modificacións materiais:

☐ Proporcionar ao alumno o moblaxe específico que precise, neste caso, a utilización dunha cadeira xa que neste sentido non presenta maior dificultade que os demais alumnos.

☐ Proporcionarlle os equipamentos e recursos materiais que necesite.

☐ Incorporar axudas específicas para que poida utilizar os materiais da aula.

2. *Adaptacións dos elementos curriculares:* a adaptación non significativa é unha medida de carácter ordinario que afecta aos elementos non prescriptivos do currículo, é dicir, á secuencia de contidos, ás formas e instrumentos de avaliación, á organización da aula, aos agrupamentos de alumnos/as e a todo aquilo incluído dentro do ámbito da metodoloxía.

A adaptación significativa trátase da modificación dun ou máis elementos prescriptivos do currículo, como son: obxectivos, contidos e criterios de avaliación, para atender ás necesidades educativas dos alumnos/-as motivadas tanto por unha determinada dificultade persoal como polas súas capacidades excepcionais.

En Educación Infantil contamos con alumnado de orixe marroquí ao que lle prestaremos especial atención no tema da linguaxe xa que a maioría teñen como lingual materna o árabe e o alumnado de etnia xitana teremos en conta que proceden dun ambiente familiar moi desfavorable.

Durante este curso temos a un neno cunhas medidas extraordinarias, como se recolle no Decreto 229/2011 del 7 de decembro de atención á diversidade, aprobadas pola inspección educativa e xefatura territorial, que son:

- Flexibilización, ampliación dun ano máis en EI.
- Adaptación curricular.
- Apoio de profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe.

Finalmente, hai que ter en conta que a atención á diversidade se refire ás necesidades de todos os alumnos/as, non só daqueles que presentan necesidades de atención específica de apoio educativo, senón de todo o alumnado, xa que, cada alumno/a é único e ten necesidades persoais que o diferencian dos demais.

Levarase a cabo unha atención individualizada e personalizada, atendendo aos ritmos e necesidades de cada un dos alumnos/-as para garantir unha educación de calidade e previr posibles problemas e dificultades. Por iso, deseñaremos unha serie de actividades de reforzo ou de ampliación dependendo do nivel madurativo que se atope cada neno/a, para atender especificamente as necesidades e intereses de cada un deles.

9. MEDIDAS EDUCACIÓN SEMIPRESENCIAL OU NON PRESENCIAL.

Durante este curso, menos probable, pero seguimos contemplamos a posibilidade de ter que empregar as plataformas tecnolóxicas das que dispomos, abalarmóbil, aula virtual e correo electrónico no caso de producirse unha situación de emerxencia sanitaria e non podiamos facer un ensino-aprendizaxe presencial.

As medidas acordadas entre todo o profesorado que incide no ciclo é que se lle proporán actividades ao alumnado a través da aula virtual. E para permitir un feed back empregaremos o correo electrónico a onde poderán enviar todas as actividades realizadas, todo este traballo será realizado polas familias posto que o alumnado de esta etapa non posúe a autonomía suficiente para facelo.

Realizaremos unha enquisa a principio de curso que nos permita saber si posúen medios tecnolóxicos para poder levar a cabo un ensino aprendizaxe a distancia.

10 .PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Avaliar significa examinar o grado de consecución dos obxectivos analizando todas as variables que interveñen no proceso, necesitamos determinar as capacidades que imos a avaliar, recoller información, valorala e tomar decisións sobre a mesma.

Segundo o *D. 330/2009, do 4 de xuño e a Orde do 25 de xuño de 2009, sobre avaliación en Educación Infantil, na Comunidade Autónoma de Galicia*, a avaliación en educación infantil está concibida como un instrumento regulador, orientador e autocorrector do proceso educativo, realizarase de forma continua e considerarase un elemento máis da actividade educativa coa finalidade de obter información sobre o desenvolvemento do alumnado, mellorar e reaxustar a intervención das persoas responsables deste proceso e tomar decisións tanto individuais coma colectivas. A observación directa e sistemática constituirá a técnica principal do proceso de avaliación. O mestre recollerá información ao longo de todo o proceso de ensino-aprendizaxe que lle permitirá mellorar tanto os procesos como os resultados da intervención educativa.

Os criterios de avaliación de cada unha das áreas serán os referentes para coñecer como o alumnado desenvolveu as capacidades enunciadas, os obxectivos da etapa e de área e por outro lado para identificar as aprendizaxes adquiridas e valorar o grao de iniciación no desenvolvemento das competencias básicas.

A avaliación é fundamental na práctica educativa, xa que cumpre unha tripla misión:

- Proporciona información sobre os coñecementos previos das/os alumnas/os, os seus procesos de aprendizaxe e a forma en que organizan o coñecemento.
- Permite aos profesores coñecer o grado en que os seus alumnos/as van adquirindo aprendizaxes significativas e funcionais.
- Posibilita que o alumnado descubra o seu desenvolvemento e progreso persoal nas novas aprendizaxes, as súas aptitudes para a aprendizaxe e as súas capacidades intelectuais, os seus intereses e motivacións, actitudes e valores...

En resumo, a avaliación axuda a mellorar o proceso de ensino-aprendizaxe.

En primeiro lugar levaremos a cabo a avaliación inicial que pretende proporcionar información sobre a situación da que parte o alumno/-a ao chegar á escola. Pero, ademais, debe realizarse sempre que se introduza unha nova proposta didáctica. Por iso, débense prever diferentes instrumentos e materiais para facilitar ao profesorado a avaliación inicial en diferentes momentos:

- a) Debemos manter unha entrevista cos pais (principalmente no período de adaptación) para intercambiar e recoller información sobre: datos persoais e familiares dos nenos/-as, o soño, a alimentación, as enfermidades e alerxias, o seu desenvolvemento e personalidade. Se o neno/-a asistiu a un centro anteriormente pediremos informes ao mesmo.

b) No inicio de cada proxecto: na presentación de cada proxecto, é imprescindible realizar distintas actividades que nos permitan observar o interese que o tema esperta en cada alumno/-a, pescudar os seus coñecementos previos e recoller as súas ideas novas que se poden incorporar no proxecto.

c) No período de adaptación, coa incorporación de novo alumnado/a de 3 anos farase unha reunión inicial coas familias para informalos de como vai ser a incorporación dos seus fillos. Durante esta incorporación faranse entrevistas individuais e ao rematar o proceso avaliarase a incorporación dos nenos/as. Comezamos cunha incorporación progresiva; onde o alumnado se irá incorporando progresivamente ata facer a xornada completa, como so se incorporan tres alumnos en cada aula non é preciso facer agrupamentos. O período de adaptación durará os 10 días recomendados pola orde de calendario de ser necesario tomaremos medidas para adaptala as necesidades do alumnado. A partir do 24 de setembro o alumnado virá a clase no horario habitual.

d) A avaliación continua permite a valoración do desenvolvemento das aprendizaxes dos alumnos/-as a través da recollida continua de datos. Recolleremos esta información en fichas de seguimento e diarios de clase. Esta información condensarase no informe individualizado de avaliación que cubriremos ao finalizar o curso. O carácter desta avaliación continua será formativa, xa que, permite tomar decisións que melloren o proceso educativo. Reorganizaremos os grupos se estes non funcionan, axustaremos as

experiencias volvendo aos mesmos contidos se estes non quedaron claros ou suscitaremos outra metodoloxía que conecten máis cos intereses dos nenos/-as. Esta avaliación ten a vantaxe de que permite levar a cabo un ensino individualizado ao mostrar as diferenzas no ritmo de aprendizaxe dos alumnos/-as. Así, segundo os resultados, poderemos levar a cabo actividades de apoio para os alumnos/-as que presenten dificultades, variando os materiais, utilizando procedementos máis intuitivos, reforzando os logros destes alumnos/as. Na programación de cada unidade ou proxecto: analizaremos os criterios concretos de avaliación que se desprenden directamente dos obxectivos didácticos e supoñen un nivel maior de concreción. No desenvolvemento das unidades ou proxectos especificaranse:

a. Actividades previas e complementarias, trátase de coñecer de onde parten os nenos/-as e como van progresando en interacción cos obxectos, os espazos e os compañeiros/-as.

b. Actividades de avaliación: permiten traballar algúns dos contidos das diferentes áreas que se abordaron ao longo da unidade.

c. Rexistro de avaliación: é un instrumento de avaliación continua que axuda ao profesorado a obter a información que necesita para determinar o grado de consecución dos obxectivos. Utilízase para: recoller e rexistrar información sobre o alumno/-a, guía de observación sistemática, como informes á familia da

evolución do neno/-a e con fins acreditativos para elaborar os informes de avaliación.

e) A avaliación final trátase da análise secuenciada dos rexistros sucesivos de avaliación que ha de permitir ao profesor/-a coñecer os ritmos de aprendizaxe e os avances de cada alumno/-a nas distintas áreas ou ámbitos de experiencia.

Realizaremos unha avaliación final trimestral ao acabar cada trimestre para, desde unha perspectiva global, ir adecuando os métodos e os recursos que o profesor/-a pon a disposición dos seus alumnos/-as e comprobar progresivamente como e cando os nenos/-as van consolidando os logros alcanzados. Os pais serán informados desta avaliación e se lles entregará o modelo informativo do XADE onde virán cubertos os ítems que consideramos máis representan a nosa práctica educativa. Esta se lle fará chegar a través do abalarmobil ou papel.

Finalmente, a/o mestra/e tamén deberá avaliarse a si mesma/o. Deberá avaliar a programación proposta, se se adecuou ao grupo de referencia, as modificacións realizadas, a súa relación co equipo de ciclo, a coherencia coas pautas recollidas nos documentos de organización do centro, a súa relación coas familias, a organización da aula, se o clima escolar foi axeitado, se a organización temporal foi flexible e atendeu ás necesidades e intereses das/os cativas/os.

ALGUNHAS CONSIDERACIÓNS DERIVADAS DA SITUACIÓN SANITARIA NESTE ANO ESCOLAR.

Dende o comezo do curso, dentro da nosa aula, adaptámonos ao momento que estamos a vivir, seguindo todas as indicación previstas e dispostas dende a Consellería.

Por iso, dentro das medidas adoptadas están:

- Lavado de mans moi frecuentemente.
- Desinfección dos materiais e do mobiliario (mesas e cadeiras)
- Xel na entrada para botarlle aos nenos a primeira hora cando entran no centro.

Todas as actividades propostas neste documento, se levarán a cabo SEMPRE que sexa posible atendendo ao disposto polas medidas sanitarias e cumprindo perfectamente todo o recollido no protocolo e instrucións posteriores.